

VIEIROS

Xestionado por [Vieiros](#)

4 E 5 DE ABRIL

Xornadas de lingua e literatura de CIG e AS-PG

Na Facultade de Ciencias da Educación da USC sucederanse as conferencias de Álvarez Cáccamo, Luz Pozo, Riveiro Coello, Francisco Rodríguez, Carlos Callón ou Antía Otero.

Redacción - 09:00 04/04/2008

Nos dous días nos que se desenvolven estas xornadas abordaranse temáticas moi diversas ao redor da lingua e da literatura galegas, comezando por Curros Enríquez, do que se celebra este ano o centenario do seu pasamento, ou Álvarez Blázquez, homenaxeado nesta edición das Letras Galegas. O sábado, ademais das conferencias, terá lugar unha mesa redonda sobre 'A literatura galega actual', así como seminarios impartidos por varios escritores e especialistas. A inscrición nestas xornadas organizadas pola [AS-PG](#) e pola [CIG](#) custa 20 euros.

Programa das Xornadas

Venres 4

17:30-18:30. No centenario da morte de Curros Enríquez. FRANCISCO RODRÍGUEZ

18:45-19:45. X. M. Álvarez Blázquez: vida e obra. XOSÉ M. ÁLVAREZ CÁCCAMO

20:00-21:00. 25 anos da morte de Luís Pimentel. LUZ POZO GARZA

Sábado 5

10:00-11:15. Seminarios a cargo de Antón Riveiro, Rosa Salgueiro, Antía Otero, Marta Dacosta e Alfonso Gómez

11:30-13:00. Mesa redonda: A literatura galega actual, distintas vertentes. Coa participación de Camili Franco, Marilar Aleixandre e Xabier Docampo.

13:00-14:15. Seminarios a cargo de Sechu Sende, Olga Patiño e Mini e Mero

16:30-17:30. O galego: normalización, substitución ou disolución? CARLOS CALLÓN

17:45-18:45. Nos cen anos do himno galego. MANUEL FERREIRO FERNÁNDEZ

19:00-20:00. Poesía e imaxe. Proxección comentada de Peregrinaxe con Manuel María. Dirixida por LOIS DIÉGUEZ e realizada por XOÁN CARLOS GARRIDO